

## RECOPIACIÓN DE PELÍCULAS DE SAMAÍN

### EL PROYECTO DE LA BRUJA DE BLAIR



É unha longametraxe independente de terror psicolóxico estadounidense de 1999, escrita e dirixida por Daniel Myrick e Eduardo Sánchez. A historia trata de tres estudantes que van a un lugar a filmar un documental de cine sobre a lenda dunha bruxa que secuestraba nenos nos anos 40.

### BABADOOK



É unha película australiana do 2014 escrita e dirixida por Jennifer Kent. A historia trata dunha muller viúva que ten que coidar do seu fillo pequeno. O problema está en que este rapaz coñeceu mediante un libro da existencia dunha entidade sobrenatural que atormenta á familia durante toda a película.

## No RESPIRES




É unha película estadounidense de terror e un thriller dirixida e escrita por Federico Álvarez. Nela cóntannos a historia de tres criminais que rouban casas e despois venden os obxectos de valor. Estes entran nunha casa onde vive un home cego que foi veterano de guerra e este atrápaos nela producindo unha persecución constante entre os ladróns e o veterano. Esta película posúe unha secuela.

## O SAGA SCARY MOVIE



Esta película non é de terror, pero igualmente está ambientada de maneira paródica na típica situación de adolescentes que son axexados por un slasher (asasino que vai matando a todos os personaxes da historia un por un ata o desenlace). Esta non posúe unha trama definida, debido a que en cada filme esta cambia dependendo das películas que se estean parodiando. Exemplos das películas as que fan referencia son O exorcista, O Aro, Saw e moitas mais ao longo das cinco cintas e os seus spin-offs.

## REC



É unha película de terror española dirixida por Jaume Balagueró e Paco Plaza. A historia vai sobre un dúo de periodistas que se dedican a facer reportaxes de todo tipo. Estes van ata un edificio onde se está propagando unha enfermidade perigosa para a vida humana. Entón os protagonistas e un inspector a cargo da situación teñen que sobrevivir a este virus de infectados.

## DEJAME ENTRAR



É unha tongametraxe estadounidense de cine romántico de terror do ano 2010, dirixida por Matt Reeves. Esta historia trata sobre un rapaz de doce anos inadaptado que coñece a unha rapaza coa que fai unha boa amizade chegando ao punto de poder falar en código morse. O problema está en que a nena esconde un tétrico segredo que -lle causará graves problemas e situacións comprometidas ao rapaz.

## EL RESPLANDOR



É unha película anglo-estadounidense de 1980 do subxénero de terror psicolóxico, producida e dirixida por Stanley Kubrick. Relata a historia dun exprofesor que acepta o traballo de vixilante dun hotel de montaña. Cando se instala aí coa súa familia, conformada polo seu fillo e a súa muller, empeza a sufrir cambios de personalidade, supostamente provocados polos fantasmas dos antigos hóspedes do hotel que morreron, o que producirá un comportamento agresivo nel do que terán que protexerse os demais protagonistas.

## O CEMENTERIO DE ANIMALES



É a adaptación dunha novela de terror publicada en 1983 polo famoso escritor Stephen King. O relato trata dunha familia que se instala nunha casa á beira da estrada. Resulta que ao carón hai un cemiterio indio no que todo morto que sexa enterrado, tanto persoa como animal, retornará á vida. Este é usado polo pai xa que o gato da familia falece, pero cando

este volve á vida posúe un comportamento moi agresivo que será o desencadeante dunha masacre nesa casa.

## PSICOSIS



É unha película estadounidense do 1960, dos xéneros de terror e suspense, dirixida por Alfred Hitchcock. Nela cóntannos a historia dunha muller que lle rouba ao seu xefe 60.000 dólares para pagar as débedas do seu mozo, pero mentres volve ao seu fogar ocorre unha tormenta que a obriga a hospedarse no Motel Bates durante unha noite. Aí coñece aos seus donos e establece unha amizade con eles que non durará por moito tempo.

## e CANDYMAN



É unha película estadounidense-inglesa de terror do 1992, dirixida por Bernard Rose. A historia trata dunha estudante que investiga a lenda dun espírito que ao dicir o seu nome cinco veces enfronte dun espello aparece e asesínate. Pode parecer unha premisa moi sinxela, non obstante, esta vai profundando na Orixe de Candyman, en como a moza vai documentando a súa historia e as aparicións do ente que suporá unha proba á protagonista.

## THE THING (1982)



É unha película de terror e de ciencia ficción estadounidense-canadiense do 1982, dirixida por John Carpenter. Esta cinta cóntanos a historia dun grupo de científicos estadounidenses que se atopan na Antártida. Estes escoitan disparos dun equipo de investigadores norueguesos que intentaban cazar a un can dende un helicóptero. Resulta que despois de gardar ao can xunto aos demais animais descubren que este é un alienígena capaz de cambiar de forma mediante metamorfose. Durante toda a película este irá transformándose nos distintos membros da tripulación ata matalos a todos.

## EL ORFANATO




É unha película de suspense hispano-mexicana, do ano 2007, dirixida por Juan Antonio Bayona. A historia trata dun matrimonio e o seu fillo que deciden abrir o orfanato onde a muller estivo de pequena. Dende que se asentan alí o rapaz empeza a falar con amigos imaxinarios, os pais empezan a ver espíritos e a familia sofre a desaparición do infante.



Seis meses despois, seguirán intentando descubrir quen ou que foi o responsable da desaparición do seu fillo.

## GET OUT.



É unha película de terror estadounidense, do 2017, dirixida e escrita por Jordan Peele. Nela explícanos a historia dun fotógrafo negro que vai coñecer aos seus sogros. Este non é capaz de durmir, así que decide ir a unha sesión de hipnoterapia para curar a súa adicción. Ao día seguinte, ocorre unha reunión na edificio e o protagonista encontra a outra persoa de cor que se comporta de maneira estraña. A partir de aquí a historia empeza a causarlle varios problemas ao fotógrafo que se acabarán resolvendo ao longo da trama.

## e ACTIVIDAD PARANORMAL



É unha película de terror escrita e dirixida polo israelí Oren Peli estreada no ano 2007 e posta á venda no 2009. Esta historia trata dun mini-documental que fai unha parella para documentar os sucesos paranormais que ocorren no seu fogar. Algúns destes sucesos son ruídos que proveñen da nada, golpes enxordecedores e obxectos que se activan sós, todo documentado polas cámaras. Estes protagonistas intentarán atopar a Orixe de todos estes fenómenos para poder vivir en paz. Esta saga posúe seis cintas máis que tratan do mesmo tema, poltergeists e demos.

## JEPPERS CREEPPERS



É unha película de terror do ano 2001, escrita e dirixida por Victor Salva. O filme trata de dous rapaces que volven á súa casa no seu coche pero ven que a carón dunha igrexa abandonada hai unha persoa tirando o que parecen ser cadáveres por un tubo. Estes van investigar e descubren a tobeira dunha criatura que volve á vida cada 23 anos durante 23 días nos que mata a todas as persoas que atopa. Os mozos deciden ir preguntar na vila máis próxima pola criatura pero mentres esta xa comezou a masacrar a toda a poboación.



Intentarase deter o frenesí asasino do demo durante este película e as súas dúas secuelas.  
Ademais, este ano vaise estreir o remake da primeira entrega.

